

## BLOQUE 3 - España

### Mudar, crecer, relatos de supervivencia da España desigual


3.1 *O taxista full*. España (2005). As vítimas económicas. A petición de axuda.

3.2 *Time code/Nitbus/Rodilla*. España (1997) Vivenciar encontros e desencontros.

3.3 *A ponte*. España (1977). Dirección: Juan Antonio Bardem. A transición. Aprendizaxe colectiva da convivencia baseada nos principios democráticos.

3.4 *Taxi*. España (1996). Substituír os odios polos argumentos.

3.5 *Bwana*. España (1996). Desfacerse de prexuízos para convivir.



#### 3.1 *O taxista full*. España (2005). As vítimas económicas. Atreverse a pedir axuda

Todo semella normal en José R. Nel vemos axiña o «prototipo» de obreiro que malvive no extrarradio de Barcelona. De maneira que entramos na súa historia, no seu taxi e talvez, após datos decisivos, sigamos nel. Algo **substantial** cóase neste relato: veu de Estremadura hai décadas, naqueles fluxos migratorios na busca dunha vida mellor. O **auxe dunha crise económica mundial** atínxeo plenamente, ata perder todo, agás a súa dignidade, o espírito de loita e moita desesperación. Inconformista, **materializa unha idea exclusivamente persoal**: decide roubar un taxi diferente cada noite para «ir tirando». E ao termo de cada «escapada» sempre deixa algúns cartos para minimizar gastos nas persoas afectadas. Moita necesidade, risco extremo e unha sociedade con normas. Con todo, é doado empatizar con José R.: sabemos que se derrubou o seu matrimonio, a súa paternidade e o seu autoconcepto. A súa idade limita a inserción laboral. Xorden dilemas morais: poderá saír indemne dun delito xudicializado? Atopará **alimento, vivenda e defensa legal** nunha plataforma de acción cidadá? A economía pódete reducir ao **cativerio dun morcego**? **É xusto que un pai non poida ofrecerlle un xeado ao seu fillo?**

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Jo Sol

Fotografía: Afra Rigamonti

Música: -

Produción: ZIP Films, TVG

Xénero: drama


Duración: 87'

Elenco: Pepe Rovira, Marcos Rovira, Marc Sempere, Santiago López Petit, Marina Garcés

Premios: San Sebastián International Film Festival 2005: gañador Mellor Director – Mención

Especial: Jo Sol. Nantes Spanish Film Festival 2006: gañador Jules Verne Award: Jo Sol, e

tamén nesa edición do 2006: gañador Mención Especial – Premio do Xurado Xuvenil: Jo Sol.



### 3.2 *Timecode/Nitbus/Rodilla*. España (1997). Xestionar encontros e finais

#### **Timecode**

Aparcadoiros con rodeiras recentes. Rodas de goma, de soidade, de silencio... Tempo detido, coches baleiros; prazas desertas, vixiadas a todas as horas por «vixilantes vixiados», escravos das rutinas. Os garaxes conteñen segredos que nos poden contar soños aparcados, tempos de espera. Cisnes nun subsolo de alcatrán? Que misterio garda unha cova que ignora as paixóns?

#### **Nitbus**

Pálpebras de semáforo, cabichas, chiscadelas de neon, chan mollado, peóns protexéndose da cidade escura: toman unha decisión, un autobús ou simplemente aire. Morre algo de alguén: unha data, quizais un amor, talvez un amigo...

#### **Rodilla**

Hai máis de corenta anos, os nenos e nenas xuntabamos cromos de futbolistas. Folla a folla fomos pechando o álbum e pendurando as botas detrás dalgunha profesión. Unha longa viaxe. Que quedou daquilo e de nós? O azar, **un taxi** ou unha foto poden devolver aquela gloria...

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Juanjo Giménez/Juanjo Giménez/Juanjo Giménez

Fotografía: Pere Pueyo/Javier Arrontes/Pere Pueyo

Música: Iván Cester/Alfred García Demestres/Vincent Barrière

Produción: Nadir Films/Salto de Eje


Xénero: comedia/baile/curtametraxe, drama/cinema experimental/curtametraxe

Duración: 15'/9'/18'

Elenco: Lali Ayguadé, Nicolás Ricchini, Vicente Gil, Jacob Torres, Fernando Rodilla

Premios exclusivos de *Timecode*: Palma de Ouro na 69.ª Edición do Festival de Cannes. 31.ª

Edición dos Premios Goya: Premio á Mellor Curtametraxe de ficción. 30.ª Edición Premios do Cinema Europeo: gañadora na categoría Mellor Curtametraxe. IX Premios Gaudí do 2017: gañadora na categoría Mellor Curtametraxe.



### 3.3 *A ponte*. España (1977). A «transición democrática» ou «un taxi colectivo». Aprendizaxe colectiva da convivencia baseada nos principios democráticos

**Juan** é un mecánico entusiasta, algo individualista, alén da ocupación e do lecer. Ouvea ás portas dunha ponte: viaxe na súa moto e cunha moza. Todo un planazo: de Madrid a Torremolinos. De súpeto, dálle «plantón»! E só lle resta un plan B: carrexar a súa soidade sobre dúas rodas. «Tirado coma unha cabicha», intúe que xurdirán alternativas polo camiño e revivirá certa vontade festexeira con aspiracións felices. Moitas horas de asfalto, atopará situacións e personaxes que o van atinxir: a nai dun preso político, ao pé da prisión; un colectivo hippy entre a protesta e a *performance*; un mozo latifundista en deportivo e ben acompañado; unha familia magrebí esfameada; unha procesión relixiosa que esixe rezo e pudor... En definitiva, **un atlas diferente** de grupos, persoas, circunstancias vellas e novas que talvez lle axudarán a ser consciente da mudanza sociopolítica do novo estado no que vive. Porque todas estas persoas, mesmo o propio Juan, están a viaxar nun **taxi colectivo** chamado **a transición democrática**.

Medrará como parte activa desta sociedade, alicerzada nos **novos dereitos**, con **aires de consenso? Crédelo quen de conciliar este novo espírito social** cunha vida para o café, o fútbol televisado e a fermosura dunha moza na súa vida?

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Juan Antonio Bardem

Fotografía: José Luis Alcaine

Música: José Nieto


Producción: Arte 7 Producción

Xénero: drama/comedia/Road Movie/comedia dramática

Duración: 108'

Elenco: Alfredo Landa, Mara Vila, Julián Navarro, Eduardo Bea, Miguel Ángel Aristu

Premios: Premio Sant Jordi Edición 1977 Mellor Filme Español.



**3.4 Taxi. España (1996). Substituír odios por argumentos**

Con máis urxencia ca hai trinta anos, cómpre substituír os **odios** polos argumentos, a xenreira pola acción pacifista dos datos certos, na busca dos **desarmes xenófobo, homófobo e machista** comunmente incendiados de **primitivismo**. Porque esta obra do mestre **Carlos Saura** conserva toda a potencia da súa verdade para alertarnos dos riscos dunha sociedade en perigo ante toda **ideoloxía simplista e feroz**, combustionada da máis básica «**intolerancia agresiva**», baseada na crenza dunha sociedade exclusivamente pura, íntegra, e mellor, **só** se nela non existe o **diferente**, sen o estorbo de seres humanos cunha orientación sexual contraria á dominante, ou cunha orixe afrodescendente, ou cunhas ideas e soños distintos aos deles, ou sinxelamente cunha sensibilidade inédita nas vísceras dun agresor fronte ao espello. Por que? Talvez aí estea o punto de partida: se formulas unha pregunta, comezas a cuantificar o alcance do problema, a impedir o avance dunha **mentalidade destrutiva**, amputada de compaixón, co **baleiro como forma de cultura** e coa **agresión normalizada** como **lícita solución** a un **falso problema** fabricado nunha **factoría de iras**. Talvez, **colonizados por arengas incendiarias**, experimentan **repugnancia** polo máis mínimo acto de **axuda cívica** e un **aberto desprezo** polas **moitas realidades** que non queren entender nin aceptar. Neste filme, atopamos todo isto nuns poucos membros do colectivo de taxistas de Madrid, que se arrogan o poder de decidir quen dignifica ou emporca as rúas, quen merece vivir ou morrer... Porén, un corazón armado de moral e determinación pode **descarbonizar tanta toxicidade**.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Carlos Saura

Guión: Santiago Tabernero

Fotografía: Vittorio Storaro

Música: varios


Producción: Filmart, RTVE, TF1 Films Production, Canal+ España

Xénero: drama/racismo/LGTBfobia

Duración: 111'

Elenco: Ingrid Rubio, Carlos Fuentes, Ágata Lys, Ángel de Andrés López...

Premios: 44.º Festival de San Sebastián (1996): gañadora dunha Mención Especial



### 3.5 *Bwana*. España (1996). Desfacerse de prexuízos para convivir

A nosa sociedade, na súa **percepción da persoa migrante**, oscila nun arco que abrangue a acollida, o descoñecemento pasivo, o paternalismo provisorio, o máis aberto rexeitamento, a indiferenza... Os/As economistas aseguran que precisamos estas persoas para garantir o actual sistema de pensións, pois, regulada a súa situación sociolaboral, tamén cotizan ás arcas do Estado, contribúen á suba do PIB e melloran a nosa macroeconomía... Non obstante, un reduto social procura neles o **chibo expiatorio para desabafar**. Se cadra, os anteriores datos son sólidos, pero menos efectivos na distancia curta dunha veciñanza, dun arrabalde ou no uso dos servizos públicos (transporte, sanidade, ensino...) Por todo isto, **a educación segue a ser decisiva** para ofrecer xeitos de afrontar esta realidade. De feito, esta obra de **Imanol Uribe** dota de protagonismo **unha familia española inocua, de clase traballadora, neste escenario**. Nai, pai e dous fillos menores cruzan medio país **no seu propio taxi**, porque desexan enchufarse ao litoral dun verán sinxelo, a ceo aberto, nunha marea que leva e trae cunchas, ameixas, peixes... E migrantes subsaharianos. Inicialmente a familia **queda consternada** no frontal encontro **co outro**, do que nada saben, agás que lles produce estupor e medo, desconcerto e desconfianza. Porque é unha **institución sobreexposta aos prexuízos e aos tópicos, vítima dun fondo descoñecemento**. Alterados, **foxen do outro**, e viceversa, **sen saber como, a onde e por que...** No momento do amencer xorden acenos e certos actos de bondade que rebaixan a tensión...

Hai trinta anos tamén naufragaban caiucos e pateras, outros coábanse en Europa pola porta de atrás. E nestas tres décadas, habituámonos aos naufraxios na tinta dos xornais, nas voces graves da radio, na fosa do Estreito ou do mar de Alborán. Eran cidadáns sen reserva nalgún *resort*, nin deportivos á sombra, nin cócteles entre palmeiras e músicos de salón.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Imanol Uribe

Fotografía: Javier Aguirresarobe

Música: José Nieto

Produción: Aurum Producciones, Cartel, Origen PC

Xénero: drama/inmigración/racismo

Duración: 80´

Elenco: María Barranco, Andrés Pajares, Emilio Buale

Premios: 44.º Festival de San Sebastián (1996): Cuncha de Ouro ao Mellor Filme. Premio do Xurado á Mellor Fotografía (Javier Aguirresarobe)